

# BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

## Unha eurorrexión que traballa cara o futuro

A eurorrexión Norte de Portugal-Galicia avanza con paso firme na súa consolidación. Así, nos derradeiros meses rexistráronse determinados acontecementos e adoptáronse unha serie de medidas que contribúen a afianzar ese esforzo común de vertebrar unha rexión que transcenda a fenda da división fronteiriza.

Entre os feitos máis destacados e dos que se dá cumprida conta no interior do Boletín, cómpre salientar a adopción dunha nova estrutura xurídica no eido da cooperación territorial transfronteiriza: a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), unha ferramenta que facilitará coa súa implantación a cohesión económica e social.

Actualidade 2

Monográfico 4

Emprego 6

Novidades legislativas 10

Consultas 11

Cooperación empresarial 12

Por outra banda, a aposta firme da Comisión Europea pola cooperación territorial tradúcese nunha nova programación, que achegará á eurorrexión un orzamento de 94 millóns de euros.

Pero a vertebración dese espazo de interrelacións sociais, culturais e económicas que constitúe a eurorrexión tamén se fragua a base de proxectos tanxibles, como é o caso do Laboratorio Internacional Ibérico de Nanotecnoloxía que ambos países están a impulsar na cidade de Braga. Un emprendemento conxunto que permitirá solucionar as actuais eivas que arrastra a eurorrexión no eido da investigación e desenvolvemento e penetrar nunha área tecnolóxica cargada de futuro.

Continuando no eido do coñecemento, as tres universidades galegas e mais as universidades do Minho, Porto e Aveiro asinaron un convenio para a confección de programas de posgraos conxuntos.

En definitiva, a eurorrexión medra e con ela as posibilidades de desenvolvemento para as súas empresas e traballadores. A recente homoxeneización dos contratos públicos, a raíz dunha directiva da Comisión Europea, tanto en España coma en Portugal, ou a eliminación das restricións que viñan sufrindo os traballadores españois ao desprazarse cos seus vehículos polo país veciño son tamén medidas que, cada unha co seu alcance, redundan na integración de Galicia e o Norte de Portugal nun mercado laboral único.

# Lanzamento da nova Rede Europea de apoio á empresa (Enterprise Europe Network) para o período 2007-2013

A Comisión Europea presentou a principios de febreiro a nova rede de oficinas de apoio ás empresas da UE, Enterprise Europe Network, promovida no marco do seu Programa de competitividade e innovación (CIP). Esta rede vén substituír os servizos de apoio ás empresas que prestaban os Euro Info Centros (EIC) e os Innovation Relay Centres (IRC), que funcionaron dende o ano 1989 e 1995 respectivamente.

En Galicia, a Confederación de Empresarios, que acollía o único EIC da Comunidade, asume agora o reto de impulsar esta nova rede. Dende este ano e ata 2013, a CEG prestará este servizo a través da súa participación no Consorcio Galactea Plus, xunto con entidades que traballan no ámbito empresarial de Asturias, Cantabria, Castela e León e Galicia.

O nova rede, que xa está a pleno funcionamento, e que será presentada de xeito oficial nos próximos meses, pretende ser un punto de referencia único para as empresas, co fin de potenciar a súa presenza exterior, tanto na súa vertente de comercio internacional coma no

ámbito da innovación e transferencia tecnolóxica.

O nodo da CEG asumirá o servizo de asesoramento e información empresarial europea, impulsará accións de promoción dos programas e iniciativas europeas, e tratará de facilitar o diálogo Comisión Europea-pemes. Neste sentido, recollerá a opinión dos organismos locais e das empresas para avaliar o impacto das políticas, programas ou lexislación comunitaria, principalmente no marco das iniciativas "Lexislar mellor" e "Simplificación administrativa" da renovada Axenda de Lisboa.

Dende o novo centro da CEG quéreselles transmitir ás empresas a relevancia que para a Comisión ten a súa opinión en canto que axuda a definir e aplicar as distintas políticas relacionadas coa actividade empresarial. Igualmente, estableceranse canles apropiadas para fomentar contactos entre empresas no ámbito internacional para acceder e/ou consolidar mercados (apoio á cooperación empresarial e á internacionalización), e crearanse e consolidaranse redes de socios internacionais interesados en

participar en proxectos transnacionais conxuntos.

O apoio e asesoramento na identificación, presentación e adxudicación de proxectos no marco de programas, iniciativas e licitacións internacionais será tamén obxecto do novo centro de apoio empresarial.

A CEG, como nodo da rede europea, sitúase nunha posición privilexiada para beneficiarse dos coñecementos e contactos de máis de 600 organizacións, que poñen á disposición da rede cerca de 4.000 especialistas no fomento da competitividade da empresa europea, en 40 países, entre os que se atopan os 27 países da Unión Europea e socios de todo o mundo.

Xunto á CEG, a Associação Industrial do Minho (AIMinho) outra das organizacións empresariais da eurorrexión que forman parte do EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia como socio, tamén é parte da nova rede e presta un servizo similar. Deste xeito, refórzase o valor e a proximidade dos servizos que se poñen á disposición dos empresarios e traballadores da eurorrexión.

## A eurorrexión aposta pola nanotecnoloxía a través da cooperación transfronteiriza

Na eurorrexión Norte de Portugal-Galicia estanse a fraguar dous proxectos que farán da mesma unha área pioneira a nivel europeo en nanotecnoloxía: por un lado, co Programa oficial de posgrao en nanomedicina e, por outro, a través da constitución en Braga do Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxías (INL), único para España e Portugal.

Os reitores das tres universidades galegas e das portuguesas de Aveiro, Minho e Porto rubricaron un protocolo de cooperación para a creación dun programa oficial de posgrao en nanomedicina entre Galicia e Portugal. O programa estará dividido en varios módulos que se ofertarán nas distintas universidades, de maneira que cada alumno/a deberá cursar algún destes módulos en universidades

distintas ás da súa procedencia, fomentando así a mobilidade entre universidades galegas e portuguesas. As citadas universidades constituirán unha estrutura común de xestión, incluíndo unha comisión de asesoramento e unha comisión científica, constituída por especialistas internacionais. Tamén se promoverán accións de investigación e formación de posgrao coa colaboración de empresas, institucións e centros de investigación que se propoñan contribuír de xeito relevante aos obxectivos do posgrao, e especialmente ao INL, e estará centrado en nanomedicina, control alimentario, medio ambiente, nanomanipulación, nanomáquinas e nanoelectrónica. Este centro estará conectado co resto dos centros europeos especializados en nanotecnoloxía e nel desenvolverán un

importante papel os grupos de investigación galegos e portugueses, impulsando así a produción científica da eurorrexión Norte de Portugal-Galicia. O laboratorio practicará investigación de fronteira a partir das áreas de investigación existentes entre España e Portugal e as restantes áreas que se constitúan. O seu obxectivo será atraer científicos internacionais de primeiro nivel, determinándose, deste xeito, como unha referencia en Europa e no mundo, e relanzando a potencialidade das políticas nacionais para contribuír á vertebración do Espazo Europeo de Investigación. Respecto á construción do edificio que albergará o laboratorio, está prevista que remate en 2009, aínda que previsiblemente algúns proxectos comezarán a ser desenvolvidos antes desa data.

## Novo sistema arbitral para solucionar as controversias mercantís

O pasado 19 de febreiro foi presentada pola Cámara Hispano-Portuguesa de Comercio e Industria en España un instrumento para a resolución de controversias no ámbito mercantil entre as empresas de España e Portugal.

A Cámara Hispano-Portuguesa achegou unha nova vía para a resolución de conflitos nun mercado cada vez máis dinámico e cun maior volume de operacións, que derivou nun aumento no número de controversias propias no funcionamento normal do mercado e da interacción dos seus operadores.

A arbitrase é un procedemento de solución de controversias alternativo á vía xudicial. A Corte Hispano-Portuguesa de arbitrase pretende achegar unha vía de solución de conflitos, especialmente ás pequenas e medianas empresas de España e Portugal, que conte con vantaxes respecto á vía xudicial: a celeridade, xa que os prazos se reducirán; a flexibilidade, xa que as empresas poderán optar por chegar a un acordo con ou sen laudo arbitral durante o procedemento, e a eficacia na resolución dos conflitos. Todo iso a un custo razoable.

A Corte nace como un servizo da propia Cámara Hispano-Portuguesa de Comercio e Industria para administrar as arbitrases de carácter interno ou internacional. Para iso, conta cun Regulamento propio de arbitrase e ofrécelles ás empresas interesadas unha cláusula tipo de submisión expresa á arbitrase, que implicará o cumprimento do propio regulamento, así como a obriga de cumprimento do laudo arbitral.

As arbitrases poderán ser de dereito ou de equidade. No primeiro caso, os árbitros decidirán conforme á lei elixida polas partes ou, na súa ausencia, conforme ao dereito español.

Os actos orais propios da arbitrase terán lugar na sede da Cámara Hispano-Portuguesa de Comercio e Industria en España, radicada en Madrid, e desenvolveranse en castelán ou en portugués.

A Cámara elaborará unha lista de árbitros cada seis meses composta por avogados colexiados en España ou Portugal que contén polo menos con 5 anos de exercicio profesional. As partes poderán fixar o número de árbitros para cada procedemento, sempre impar.

As partes participarán activamente na designación dos árbitros e contarán con garantías e instrumentos a favor da súa imparcialidade.

O procedemento arbitral conta con todos os elementos para facer efectivo o principio de contradición e para garantir a defensa dos dereitos e intereses das partes durante este, con carácter previo ao laudo arbitral; comezando polo nomeamento do árbitro ou árbitros, a presentación da demanda e opción de reconvenção pola parte demandada, a posibilidade de que os árbitros adopten medidas preventivas, a existencia dunha comparecencia de conciliación que permita chegar a un acordo entre as partes e finalizar así o procedemento, a práctica de probas e, finalmente, a presentación de conclusións finais das partes.

A controversia decídese a través dun laudo arbitral (se non houbo previamente un acordo entre as partes) nun prazo máximo de seis meses, que se contará dende a data da presentación da contestación á demanda. O laudo deberá ser motivado, escrito e apoiado pola maioría dos árbitros.

O laudo é definitivo para as partes e ten efectos de cousa xulgada, fronte ao cal non caberá máis que o recurso extraordinario de revisión, igual que sucede coas sentenzas firmes.

## Portugal elimina as restricións á circulación dos traballadores transfronteirizos

O Goberno portugués aprobou unha proposición de lei para someter ao parlamento, Assembleia da República, que ten por obxecto modificar o Código do imposto sobre vehículos e facilitar o acceso temporal a territorio portugués de vehículos matriculados noutro estado membro (especialmente en España).

O Código do imposto sobre vehículos fora aprobado en xuño de 2007 e deu lugar a numerosas sancións aos traballadores españois transfronteirizos, que vían como as autoridades portuguesas lles esixían que os seus vehículos estivesen matriculados en Portugal e, polo tanto, tributasen no devandito Estado. Esta situación produciu numerosas protestas e reclamacións formais por diferentes vías, tanto ante os tribunais portugueses coma ante a propia Comisión Europea, e propiciou que o primeiro ministro portugués recoñecese a situación como inxusta e se comprometese á súa rectificación.

A modificación proposta refírese aos traballadores transfronteirizos, é dicir, aqueles que traballan en Portugal e regresan a diario ao seu domicilio en España ou, polo menos, unha vez á semana; e elimina a restrición de poder circular só no límite dos sesenta quilómetros entre a fronteira e o lugar no que desenvolven o seu traballo en Portugal. Así, os traballadores poderán desprazarse para levar a cabo o seu traballo, independentemente da distancia que media entre a fronteira e o lugar de traballo.

A medida facilitará a libre circulación de traballadores recollida no Tratado da Comunidade Europea, aínda que seguirá sendo necesario contar coa *Guía de admissão temporária*, un documento que deberá ser renovado cada 12 meses e cuxa obtención require do cumprimento de determinados requisitos e trámites.



# Novos instrumentos e estruturas de cooperación para a eurorrexión

Por un lado, unha nova estrutura xurídica, que ofrecerá unha vía comunitaria de cooperación transfronteiriza a través das agrupacións europeas de cooperación territorial. Por outro lado, un novo Programa Operativo de Cooperación Territorial, que achegará á eurorrexión máis de 97 millóns de euros.

## A Agrupación Europea de Cooperación Territorial

En xullo de 2006 nacia a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) en virtude do Regulamento (CE) 1082/2006, do 5 de xullo. Trátase dun novo instrumento xurídico europeo que permite a entes territoriais de países distintos crear estruturas de cooperación con personalidade xurídica a partir do 1 de agosto de 2007, data na que os estados membros da UE deberían adoptar os instrumentos xurídicos internos de desenvolvemento do Regulamento.

A AECT nace como unha fórmula de cooperación territorial, alternativa aos instrumentos de dereito internacional existentes ata agora. No caso de España e Portugal, ambos os dous países contan dende 2002 cun Tratado sobre cooperación transfronteiriza entre entidades e instancias territoriais, coñecido como Tratado de Valencia. A diferenza fundamental das AECT respecto ás estruturas de cooperación configuradas conforme ao Tratado de Valencia radica na existencia dun modelo común para toda a Unión Europea, creado a través dun regulamento comunitario, norma de aplicación directa e obrigatoria, que prima sobre os ordenamentos xurídicos nacionais.

A razón de ser das AECT é facilitar e fomentar entre os seus membros a cooperación territorial a nivel transfronteirizo, transnacional e/ou interrexional co fin de reforzar a cohesión económica e social.

As AECT poden estar integradas por estados, autoridades rexionais, autoridades locais, organismos de dereito público ou asociacións formadas cos anteriores e deben contar con socios de polo menos dous estados membros da Unión Europea. Para cumprir cos seus obxectivos, poderán dispoñer dunha infraestrutura e orzamento propio, así como do persoal necesario.

Debido á importancia das tarefas e funcións das AECT, que poderán xestionar programas europeos ou participar en proxectos concretos cofinanciados pola Unión Europea, os estados membros deben autorizar a participación de cada membro en cada AECT, o que implica un importante poder de control, que permite denegar a autorización, entre outras causas, "cando non resulte procedente por razóns de interese público ou de orde pública do devandito estado membro", segundo dispón o Regulamento.

Un dos aspectos máis interesantes será a coordinación e convivencia entre as diferentes estruturas que poidan ser creadas sobre áreas xeográficas que se solapan total ou parcialmente.

Galicia e o Norte de Portugal traballaron dende o primeiro momento para contar cunha AECT na Eurorrexión, sendo pioneiros tanto na Península Ibérica coma en toda a Unión Europea. Proba diso foi a celebración en xullo de 2007 en Baiona dun Seminario sobre Cooperación Territorial Europea, organizado polo Comité das Rexións e a Xunta de Galicia, no que se abordou o futuro da cooperación territorial e especialmente a figura das AECT, e ao que asistiron representantes de numerosas rexións da Unión Europea.

En xaneiro de 2007 publicouse en España a normativa nacional que regulaba as condicións de solicitude e participación por parte de membros españois nas AECT, o Real decreto 37/2008, do 18 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

A partir de aí, a Xunta de Galicia presentoulle ao Ministerio de Administracións Públicas a súa solicitude e a documentación correspondente, entre a que se incluía unha proposta de convenio para a nova AECT e unha proposta de estatutos para esta.

Paralelamente, en Portugal foi publicado, o 8 de novembro de 2007, o Decreto-lei n.º 376/2007, do Ministério do Ambiente, do Ordenamento do Território e do Desenvolvemento Regional, que adoptou as medidas necesarias para garantir a aplicación en Portugal do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, entre as cales indicaba o Instituto Financeiro para o Desenvolvemento Regional (IFDR) como a entidade á que deberían notificar aos interesados o seu propósito de participar nunha AECT.

O próximo mes de abril está prevista a celebración dun cumio Galicia-Norte de Portugal, no que se constitúa formalmente a nova AECT da Eurorrexión, que por acordo dos membros terá a súa sede en Vigo.

Ademais da xestión de programas e proxectos europeos cofinanciados pola Comunidade, principalmente con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o Fondo Social Europeo ou o Fondo de Cohesión, a AECT poderá levar a cabo aquelas outras funcións, con ou sen cofinanciamento da Unión Europea, que lle encomenden os seus membros en favor da cooperación territorial e a cohesión económica e social, tendo en conta que todas elas deben adecuarse á competencia que os ordenamentos xurídicos nacionais lle atribúan a cada socio.

## O Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal

A cooperación territorial europea adquiriu, no marco da política rexional comunitaria, un notable impulso, pasando a ser un dos tres obxectivos propugnados pola Unión Europea para reforzar a cohesión económica e social e impulsar un desenvolvemento harmónico, equilibrado e sostible.

O obxectivo de cooperación territorial europea actuará en tres ámbitos: transfronteirizo, transnacional e interrexional, seguindo a estrutura da antiga iniciativa comunitaria INTERREG. Precisamente no ámbito transfronteirizo encádrase o Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal.

Os recursos destinados a este obxectivo ascenden a 7.750 millóns de euros, é dicir, o 2,52% do total dos Fondos de Cohesión, dos cales case o 74% se destinan á cooperación transfronteiriza: aproximadamente 5.576 millóns de euros.

Igual que acontecía na iniciativa comunitaria INTERREG, a programación realízase por áreas xeográficas fronteirizas. Así, España e Portugal contan cun programa propio para o período de programación dos Fondos Estruturais 2007-2013, cun orzamento que ascende a 354 millóns de euros, dos que o FEDER achega máis do 75%: 267,4 millóns de euros.

O programa divídese en cinco subprogramas, correspondentes a cinco áreas xeográficas ben diferenciadas, entre elas a de Galicia-Norte de Portugal. As outras catro son: Castela e León-Norte de Portugal, Castela e León-Centro de Portugal, Estremadura-Centro-Alentejo e Andalucía-Alentejo-Algarve. Ademais, conta cunha área plurirrexional, que incluírá proxectos dun ámbito territorial superior.

O programa artículase en torno a 4 eixes prioritarios:

- Cooperación e xestión conxunta para o fomento da competitividade e promoción do emprego, cunha dotación de 93,63 millóns de euros de axuda FEDER. Poderanse desenvolver actuacións para promover a implantación de estruturas mixtas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico, dinamizar a sociedade da información e as economías locais, e facer promoción das relacións entre empresas e asociacións empresariais e comerciais.
- Cooperación e xestión conxunta en medio ambiente, patrimonio e ámbito natural, que contará con 76,75 millóns de euros de axuda FEDER.
- Cooperación e xestión conxunta en accesibilidade e ordenación territorial, que contará con 58,17 millóns de euros de axuda FEDER. Poderá financiar, entre outras, infraestruturas loxísticas e de conexión transfronteiriza.
- Cooperación e xestión conxunta para o fomento da cooperación e integración económica e social, que é o eixe que menos recursos aglutina, con 22,80 millóns de euros.

O subprograma Galicia-Norte de Portugal conta con 97,04 millóns de euros, o 27% do total do programa. Os ámbitos estratéxicos definidos son os seguintes:

- Cooperación no ámbito marítimo.
- Internacionalización das pemes na eurorrexión (promoción da innovación e da competitividade).
- Protección ambiental e desenvolvemento urbano sostible.
- Fomento da cooperación e integración social e institucional.

En canto á internacionalización das pemes, preténdese poñer en marcha proxectos que promovan as relacións entre empresas e asociacións empresariais, e fomentar ambientes favorables á cooperación empresarial, a favor da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico conxunto. Así mesmo, preténdese poñer en valor os recursos turísticos da eurorrexión.

Será prioritario fomentar iniciativas de cooperación no ámbito da innovación e da competitividade, a través da creación e da consolidación de redes institucionais públicas e privadas, con especial interese polas asociacións empresariais; promover a circulación do capital humano entre Galicia e o Norte de Portugal, e fomentar a cooperación entre empresas de ambas as dúas rexións como base para a adquisición de experiencia e competencias en materia de comercio e investimentos internacionais.

As zonas que poden recibir financiamento son: Pontevedra, Ourense, Minho-Lima, Cávado e Alto Trás-os-Montes (sector norte). Ademais, como zonas adxacentes, poden recibir financiamento excepcionalmente A Coruña, Lugo, Grande Porto, Ave, Tâmega e Douro.

Dende febreiro está aberta a primeira convocatoria de proxectos, que deberán executarse ata o 2010 e cuxas propostas poden ser presentadas ata o 15 de abril de 2008.

Os proxectos deberán reunir certas características, entre as que destacan as seguintes: ter carácter transfronteirizo, contar polo menos cun socio a cada lado da fronteira e que o orzamento dos proxectos estea entre os 500.000 e os 2.500.000 euros.

A cuestión máis controvertida é a dos beneficiarios que poden concorrer e especialmente se poden presentar propostas as asociacións empresariais, como acontecía nos programas anteriores. A pregunta foi trasladada á Comisión Europea e aínda non foi contestada.

O Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza ten en conta a posibilidade de que sexan creadas agrupacións de cooperación territorial no ámbito fronteirizo de España e Portugal, e considera a posibilidade de que sexan delegadas funcións propias da autoridade de xestión do Programa ás AECT a través dun convenio que deberá contar coa aprobación dos estados participantes.



## Emprego

A poboación activa na eurorexión ascende no cuarto trimestre de 2007 a 3.291.800 persoas, o que supón un incremento de

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	1.302,6	721,0	581,6
2007/IV	1.292,6	723,8	568,9

Fonte: IGE

A taxa de actividade en Galicia tivo o seu valor máis alto do ano no terceiro trimestre de 2007: 54,7%, descendendo ó 54,2% no cuarto trimestre de 2007. Se o comparamos co cuarto trimestre do 2006, o balance segue a ser positivo, xa que daquela era do 53,6%.

O Norte de Portugal, tras un descenso do 0,5% da taxa no primeiro semestre de 2007, presenta unha evolución positiva

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	54,7	63,4	46,7
2007/IV	54,2	63,6	45,7

Fonte: IGE

A taxa de paro tanto en Galicia coma no Norte de Portugal é inferior no último trimestre de 2007 respecto á de hai un ano. No caso de Galicia, do 8,1% pasa ó 7,5%, pero cómpre salientar o importante aumento no último trimestre de 0,8 puntos. En canto ó Norte de Portugal, pasa do 9,7% ó 9,1% no mesmo período.

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	6,7	5,8	7,9
2007/IV	7,5	5,6	9,8

Fonte: IGE

28.900 respecto ó último trimestre de 2006. Delas, 19.600 corresponden a Galicia.

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	1.995,4	1.070,1	925,3
2007/IV	1.999,2	1.069,7	929,5

Fonte: INE Portugal

no segundo semestre, que lle permite chegar a unha taxa de actividade do 63,4%, mellorando nunha décima o valor do último trimestre de 2006.

Porén, tanto Galicia coma o Norte de Portugal manteñen sen apenas cambios a taxa de actividade feminina respecto ó valor de hai doce meses. No caso da primeira, baixa unha décima e, no caso do segundo, repite o mesmo valor que hai un ano.

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	63,3	71,0	56,3
2007/IV	63,4	70,9	56,5

Fonte: INE Portugal

En canto á taxa de paro feminina, conta tanto no caso de Galicia coma no do Norte de Portugal cun descenso respecto ós valores de hai doce meses. No caso de Galicia, de 1,6 puntos e, no Norte de Portugal, de 0,5%. Así e todo, segue a ser moi superior á dos homes.

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2007/III	9,5	7,2	12,1
2007/IV	9,1	6,9	11,6

Fonte: INE Portugal

## Oferta e demanda de emprego

En canto ás ofertas de traballo das empresas da eurrrexión, a continuación amósanse os datos correspondentes ao último cuadrimestre de 2007.

### Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

Durante os últimos catro meses do ano 2007, as ocupacións máis demandadas foron as mesmas que nos meses de xuño, xullo e agosto, é dicir, as de operario industrial, persoal de servizos, protección e seguridade e traballadores cualificados ou non do sector da construción. A tendencia é a mesma que a observada durante todo o ano 2007.

	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Operarios industriais	640	613	626	423
Persoal de servizos, protección e seguridade	527	496	479	262
Peóns industriais, construción e minería	424	427	357	165
Traballadores cualificados da construción e minería	314	418	296	232
Empregados tipo administrativo	275	316	254	221
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	246	274	222	197
Traballadores cualificados industria	240	268	219	118
Condutores e operadores de maquinaria móbil	186	197	188	190
Dependentes e vendedores	173	190	186	159
Técnicos e profesionais nivel intermedio	132	161	111	123
Titulados medios universitarios	81	86	74	59
Licenciados universitarios	71	86	77	40

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego.

### Ocupacións con maior demanda en Galicia

En Galicia, as ocupacións máis solicitadas foron as de persoal de servizos de restauración, empregos vinculados á construción e empregados tipo administrativo. A tendencia no caso dos dous primeiros é descendente, chegando aos valores mínimos no mes de decembro. No caso dos empregados tipo administrativo, a tendencia é claramente á alza.

	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Traballadores servizos restauración	1.708	2.785	635	259
Peóns agrícolas	919	850	576	255
Traballadores construción	1.088	1.129	1.158	359
Técnicos e profesionais nivel intermedio	1.643	707	609	302
Empregados tipo administrativo	586	302	306	1.606
Dependentes e vendedores	252	286	186	165
Traballadores cualificados da agricultura	154	143	485	66
Condutores e operadores de maquinaria móbil	497	255	168	100
Operarios industriais	274	1.325	197	861
Traballadores cualificados industria	575	303	331	88
Titulados medios universitarios	1.878	212	315	104
Traballadores non cualificados de servizos	496	560	477	152
Licenciados universitarios	1.857	334	582	145


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.



Da análise das ocupacións na eurorrexión nos últimos catro meses de 2007, conclúese que a demanda de ocupacións para profesionais de menor cualificación tanto en Galicia coma no


Norte de Portugal segue a ser maior que a de profesionais de nivel intermedio e superior.

## Ocupacións máis demandadas Norte de Portugal decembro 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego.

## Ocupacións máis demandadas Galicia decembro 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

## Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, os sectores que lideraron a oferta de emprego durante os últimos tres meses do ano 2007 foron os pertencentes ó sector secundario, destacando especialmente

a industria manufacteireira, que mantivo ademais unha oferta constante e moi significativa en termos cuantitativos durante todo o ano.

	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Industria manufacteireira	1.150	1.270	1.093	721
Construción	484	571	409	239
Comercio e reparacións	498	504	406	344
Actividades inmobiliarias	470	577	441	333
Hostalería	374	366	305	206
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	103	79	105	51
Transportes, almacenaxe e comunicacións	48	41	39	23
Agricultura, gandería e pesca	44	40	31	15
Produción e distribución de electricidade, gas e auga	1	12	9	3
Intermediación financeira	5	20	13	25
Outras actividades e servizos	186	143	235	100
Industria extractiva	9	8	40	3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego.



## Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia


	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	4.334	1.649	2.679	541
Hostalería	421	1.804	400	148
Construción	1.383	1.142	659	370
Industria manufactureira	642	1543	428	909
Actividades inmobiliarias	704	833	491	1.646
Comercio e reparacións	734	749	590	482
Agricultura, gandería e pesca	114	93	86	53
Transportes, almacenaxe e comunicacións	130	121	96	103
Intermediación financeira	68	23	19	2
Industria extractiva	10	3	17	9
Outras actividades sociais	3.480	578	473	258
Personoal doméstico	46	774	35	20

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

En Galicia, a oferta de emprego no último terzo do 2007, igual que acontecera nos tres meses precedentes, estivo liderada pola oferta procedente do sector público. A continuación sitúanse outras actividades sociais, que debido á oferta do mes de setembro cobran especial importancia neste período. As actividades inmobiliarias, a industria manufactureira e a


construción seguen achegando valores importantes á oferta no último terzo do ano, aínda que cómpre salientar o descenso mes a mes da oferta nalgúns deles, como o da construción, que fora o sector con maior oferta nos primeiros cinco meses do ano 2007.

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - decembro 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego.

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - decembro 2007



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo.

Na eurorrexión, a oferta de emprego concéntrase na industria manufactureira, no comercio e reparacións e na construción, principalmente, seguido das actividades inmobiliarias e da hostalería. No Norte de Portugal destaca por riba de todo a oferta da industria manufactureira, que conta en Galicia con

valores semellantes no mesmo período analizado. En Galicia volve liderar de lonxe a oferta no último terzo do ano o sector público, como xa acontecera nos meses precedentes, pero neste caso Portugal non conta cunha oferta similar.



### Novidades legislativas

#### **Nova normativa europea sobre servizos de pagamento**

En decembro de 2007 foi publicada no *Diario Oficial da UE* unha nova Directiva sobre servizos de pagamento. A devandita norma establece un marco xurídico para a creación dunha Zona Única de Pagamentos para o euro, na que as empresas e os particulares poidan efectuar pagamentos e cobramentos en euros, en igualdade de condicións, independentemente de se as operacións son nacionais ou de ámbito comunitario. A creación desta Zona Única de Pagamentos é un paso máis tras a introdución do euro, xa que en poucos meses, ademais de contar cunha moeda única, contaremos cun sistema único de pagamentos, fronte aos 27 sistemas distintos existentes na actualidade, que fai que estas operacións sexan máis complexas, lentas e supoñan un maior custo.

A directiva refírese ás transferencias, os débitos directos e os pagamentos efectuados con tarxeta. As vantaxes que achegará, unha vez que sexa trasposta aos ordenamentos xurídicos nacionais, será garantir a coordinación a nivel comunitario en materia dos requisitos de acceso ao mercado de novos provedores de servizos, así como harmonizar os requisitos de información, dereitos e obrigas respectivos dos usuarios e provedores. O obxectivo da directiva é que os pagamentos no mercado interior da UE poidan realizarse coa mesma facilidade, eficiencia e seguridade que os pagamentos nacionais, e a prezos máis competitivos.

Os estados membros deberán traspoñer a directiva aos ordenamentos xurídicos nacionais como moi tarde o 1 de novembro de 2009.

#### **Nova normativa en materia de contratos públicos en España e en Portugal**

España e Portugal modificaron a súa normativa en materia de contratos públicos nos últimos meses, en consonancia coa Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, e coa Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.

Ambas as dúas directivas establecían que os estados membros deberían poñer en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao disposto nestas como moi tarde o 31 de xaneiro de 2006. Malia iso, España publicou a súa nova Lei de contratos, Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público no *Boletín Oficial del Estado* do 31 de outubro de 2007 e entrarán en vigor o vindeiro 31 de abril de 2008, mentres que Portugal publicou o seu Código dos contratos públicos no *Diário da República* do 29 de Janeiro de 2008, instrumentado a través do Decreto-lei

nº.18/2008, do 29 de janeiro, que entrará en vigor o próximo 29 de xullo de 2008.

Tanto a norma española coma a portuguesa introduciron cambios importantes e unha modernización notable do marco xurídico que está chamado a presidir os contratos públicos en ambos os dous países. Non se limitaron simplemente a traspoñer as directivas comunitarias aos seus respectivos ordenamentos xurídicos internos. Ambas as dúas normas ampliaron os ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación das respectivas leis, revisaron os procedementos de adxudicación xa existentes introduciron novas modalidades, como o diálogo competitivo en España (en Portugal, diálogo concorrencial), aumentaron os valores límite para a clasificación de contratos ou para sometelos a determinados procedementos. Por outra banda, ambas as dúas leis impulsan o uso das novas tecnoloxías e da sociedade da información na contratación pública.

En todo caso, ambas as dúas normas son o suficientemente complexas como para requirir un estudo en detalle ao longo dos 473 artigos do Código dos contratos públicos e das 371 disposicións da nova Lei de contratos española.

#### **A nova figura do autónomo economicamente dependente en España**

En outubro entrou en vigor en España a Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballador autónomo. Esta norma supón a integración nun só texto das disposicións que regulan a figura do traballador autónomo, que ata agora estaban dispersas en diferentes normas e, por outro lado, a adaptación á nova realidade destes traballadores, que cambiou notablemente dende 1970, data na que fora publicada a norma que regulaba a figura do traballador autónomo.

Froito desta adaptación, aparece recoñecida na lei unha nova figura: o traballador autónomo economicamente dependente (TAED). Trátase daqueles traballadores que realizan unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e de forma habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, do que dependen economicamente por percibir del, polo menos, o 75% dos seus ingresos por rendementos de traballo e de actividades económicas ou profesionais.

Ademais, deberá reunir as seguintes condicións:

- Non ter ao seu cargo traballadores por conta allea.
- Non contratar ou subcontratar parte ou toda a actividade con terceiros.
- Non desenvolver a súa actividade sen diferenza respecto de calquera dos traballadores por conta allea da empresa cliente.
- Dispoñer de infraestrutura produtiva e material propia.
- Desenvolver a súa actividade baixo criterios organizativos propios.
- Percibir unha contraprestación económica en función do resultado da súa actividade, de acordo co pactado co cliente.

Non son TAED os titulares de establecementos ou locais comerciais e industriais e de oficinas e despachos abertos ao público, nin os profesionais que exerzan a súa profesión conxuntamente con outros en réxime societario ou baixo calquera outra forma xurídica admitida en dereito.

Esta nova figura obedece á necesidade de lle dar cobertura legal á existencia de traballadores autónomos que desenvolven a súa actividade cunha dependencia moi importante dun empresario ou cliente que contrata os seus servizos e supón tamén unha novidade en canto á contratación de servizos no ámbito transfronteirizo, xa que terá implicacións para as empresas portuguesas que contraten servizos a autónomos españois e estes sexan economicamente dependentes das devanditas empresas.

O contrato entre o TAED e o seu cliente deberá formalizarse sempre por escrito e será rexistrado na oficina pública correspondente. O contrato deberá establecer a duración; de non ser así, será indefinida. Deberá establecer tamén os períodos de descanso semanal, festivos, xornada máxima de actividade e distribución semanal, cando se compute por mes ou por ano. Deberá tamén establecer o período de interrupción da súa actividade anual. Este último será de 18 días hábiles ao ano, agás que por contrato ou acordo de interese profesional sexa mellorado.

Ademais das condicións recollidas no contrato, a lei establece unha nova fonte exclusiva para os TAED: os acordos de interese profesional, que son acordos concertados entre as asociacións ou sindicatos que representen os TAED e as empresas para as cales executen a súa actividade.

O contrato poderá ser rescindido por mutuo acordo, ou por unha das partes por causas validamente consignadas no contrato ou naqueles outros supostos considerados pola nova lei.

Cando a resolución do contrato se produza a instancias dunha das partes por incumprimento contractual da outra, iso dará lugar a unha indemnización polos danos e perdas causados.

Así mesmo, cando o cliente decida resolver o contrato sen causa ou cando o traballador decida resolver o contrato causándolle un prexuízo importante ao seu cliente, iso dará lugar á indemnización polos danos e perdas causados en cada suposto.

Outra especialidade dos TAED é que as controversias entre estes traballadores e os seus clientes en relación co contrato individual que os vincula (civil ou mercantil), así como en relación cos acordos de interese profesional que lles sexan aplicables, serán competencia dos órganos xurisdiccionais da orde social. Así mesmo, será obrigatorio acudir ante o órgano de conciliación competente con carácter previo á tramitación de accións xudiciais.

A lei debe ser desenvolvida nun regulamento no que se estableza entre outras cousas o rexistro dos contratos entre os TAED e os seus clientes. De xeito provisional, pode facerse nas oficinas de prestacións das direccións provinciais do Servizo Público de Emprego estatal.

## Consultas

### Recuperación do imposto sobre o valor acrescentado por unha empresa galega

**Cuestión:** Unha empresa galega que presta servizos en Portugal pregunta sobre o procedemento para recuperar o imposto sobre o valor acrescentado (IVA), equivalente ao IVE español, pagado nos gastos incorridos en Portugal.

**Resposta:** Para poder optar á devolución do IVA soportado en Portugal, o empresario non debe estar establecido en Portugal e debe ser suxeito pasivo do IVE, neste caso, en España.

Para a recuperación do IVA en Portugal pode utilizar o impreso da Axencia Tributaria española (modelo 361) ou ben o da Direcção de Serviços de Reembolso do IVA portuguesa (modelo 1496).

Ambos os dous modelos están dispoñibles en formato electrónico e poden ser descargados directamente no caso da Axencia Tributaria ([www.aeat.es](http://www.aeat.es)) ou solicitados a través de internet no caso de Portugal (<http://www.incm.pt/servlets/eforms>). En ambos os dous casos, o solicitante dispón de instrucións para facilitar a súa cubrición.

Ambos os dous formularios son moi similares, xa que seguen o modelo incluído no anexo da 8ª Directiva do Consello (79/1072/

CEE), do 6 de decembro de 1979. Deben cubrirse en portugués e remitirse por duplicado ao seguinte enderezo:

Direcção-Geral dos Impostos  
Direcção de Serviços de Reembolso do IVE  
Av. João XXI, 76, 5º  
1803-804 Lisboa  
Tel.: +351 21 761 0551/2  
Fax: +351 21 793 8133

A solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- Certificado emitido pola Administración do estado no que estea establecido o solicitante, que acredite a súa condición de suxeito pasivo do IVE.
- Orixinais dos documentos de importación ou das facturas ou documentos equivalentes que xustifiquen que o IVE foi efectivamente soportado polo solicitante.

A recuperación do IVE pode ser solicitada directamente polo interesado ou actuar a través dun representante en Portugal. Para iso, este último deberá contar cun poder de representación.

### Apertura dunha conta bancaria en Galicia por un empresario portugués

**Cuestión:** Un empresario portugués necesita abrir unha conta bancaria en Galicia e pregunta se é posible facelo a pesar de non contar con establecemento ou domicilio en España. En caso afirmativo, quere saber cal é a documentación necesaria para asinar o contrato bancario.

**Resposta:** A apertura dunha conta corrente pode ter diferentes finalidades, que farán que a normativa aplicable sexa distinta. Normalmente, trátase de contas correntes e de contas de aforro, a través das cales se poden realizar pagamentos, descontar cheques... ou simplemente depósitos reembolsables a cambio dun interese. O contrato de conta corrente bancaria non está regulado no dereito español e rexe plenamente o principio de autonomía da vontade, polo cal dependerá da vontade do cliente e da entidade financeira que se celebre ou non o contrato.

En todo caso, as entidades de crédito españolas poden contratar legalmente cos cidadáns da UE en igualdade de condicións que cos nacionais, independentemente de se contan con domicilio ou establecemento en España ou non. Unicamente haberá que proceder á identificación do cliente (en virtude da Lei 3/1993, do 28 de decembro), para o cal se esixirá:

- Se son persoas físicas: documento nacional de identidade, tarxeta de residente ou pasaporte.
- Se son persoas xurídicas: os títulos procedentes de constitución, así como os relativos ás facultades de representación e apoderamento, ou, de ser o caso, calquera outro documento para coñecer o domicilio e as actividades do cliente.



## Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: + 34 981 555 888  
Fax: + 34 981 555 882  
E-mail: [euoinfo@ceg.es](mailto:euoinfo@ceg.es)  
[www.ceg.es](http://www.ceg.es)

## EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha  
4930 - 677 Valença. Portugal  
Tel.: + 351 251 826 105  
Fax: + 351 251 826 104  
[www.eures-norteportugal-galicia.org](http://www.eures-norteportugal-galicia.org)

## Cooperación empresarial

Alcanzar un acordo de cooperación empresarial é unha boa vía para a internacionalización, especialmente para as pemes. Neste sentido, defínese a cooperación empresarial como a posta en contacto de dúas empresas, da mesma ou de distinta nacionalidade, con intereses comúns, co fin de chegar a algún tipo de acordo ou asociación de carácter empresarial.

As feiras, as misións comerciais ou os encontros de cooperación son os medios que moitas empresas utilizan para contactar con outras, e tamén existen as plataformas *on line* de busca de socios.

En termos xerais, estas plataformas constitúen unha ferramenta de cooperación empresarial que utilizan as tecnoloxías da información e onde o contacto das empresas con intención de alcanzar algún tipo de acordo se produce *on line*; en ocasións, a busca de socios apóiase nunha base de datos de oportunidades de negocio que permite realizar buscas instantáneas segundo diferentes criterios. Este é o funcionamento da Business Cooperation Database (BCD), a ferramenta promovida pola Comisión Europea, coa que traballarán cerca de 600 intermediarios en toda Europa, e que seguirá sendo

unha importante ferramenta de traballo para os membros da nova Enterprise Europe Network.

As empresas da eurrrexión Norte de Portugal-Galicia que desexen incluír as súas ofertas e demandas de cooperación deberán poñerse en contacto cos novos nodos da Enterprise Europe Network na zona: a Associação Industrial do Minho (AIMinho) ou a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Para formular a súa oferta ou demanda de cooperación, deberán cubrir un cuestionario moi sinxelo cos datos básicos da empresa, os países obxectivo e a descrición do tipo de cooperación desexada. Entre os acordos de cooperación, atópanse os puramente comerciais, cuxo obxectivo é a mera compra-venda de bens e servizos, ou os que se refiren a acordos de tipo financeiro, técnico ou de produción.

Unha vez formulada a proposta, o perfil de cooperación difúndese de forma anónima a través das múltiples canles de difusión coas que contan os distintos intermediarios (páxinas web, revistas, etc.). Só se facilitan os datos de contacto cando unha empresa se interesa polo perfil publicado.

Estas son algunhas das ofertas de interese:

### Portugal

Ref. 08/029/EC

Empresa portuguesa dedicada á produción de pezas metálicas, estruturas, mantemento industrial, reparacións mecánicas e distribución de gas industrial ofrécese como intermediaria comercial e busca cooperación empresarial para transferencia de tecnoloxía e produción.

Ref. 08/030/EC

Empresa portuguesa especializada na produción de compoñentes para estufas domésticas e industriais e outros produtos de aceiro busca socios comerciais: axente, representante ou distribuidor.

Ref. 08/031/EC

Empresa portuguesa que produce licores e outras bebidas alcohólicas busca intermediarios comerciais e ofrécese para subcontratación.

### Galicia

Ref. 08/001/NEC

Empresa galega de conservas de alimentos busca distribuidor ou representante para vender os seus produtos no Norte de Portugal, especialmente castañas e grelos en lata ou conxelados.

Os contidos e información incluídos neste boletín, non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664